

## A PAISAXE (3/8)

10. En que se diferencia unha chaira dunha depresión:

- a) Unha chaira é o mesmo ca unha depresión.
- b) Unha chaira é sempre costeira e unha depresión está sempre rodeada de cordilleiras.
- c) Unha chaira é unha extensión de terreo horizontal e plano e unha depresión é unha chaira afundida no terreo.

11. A serra é:

- a) Unha montaña.
- b) Un conxunto de montañas aliñadas.
- c) Unha grande elevación do terreo.

12. O val é:

- a) Un terreo situado entre montañas polo que soe discorrer un río.
- b) Unha grande extensión de terreo plana.
- c) Unha grande elevación do terreo.

13. Unha montaña é:

- a) Un terreo plano e elevado.
- b) Unha grande elevación do terreo.
- c) Unha chaira situada por debaixo do terreo que a rodea.

14. A meseta é:

- a) Un terreo plano e elevado.
- b) Unha grande elevación do terreo.
- c) Unha chaira situada por debaixo do terreo que a rodea.

15. A chaira é:

- a) Un conxunto de montañas aliñadas.
- b) Unha grande elevación do terreo.
- c) Unha grande extensión de terreo plana.

16. A depresión é:

- a) Unha chaira situada por debaixo do terreo que a rodea.
- b) Unha grande elevación do terreo.
- c) Un terreo situado entre montañas polo que soe discorrer un río.